



Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de matemáticas (590006).

Por unha Resolución do 19 de abril de 2018 (corrección de erros do 26 de abril) da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, publicada no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria www.edu.xunta.es o 19 de abril de 2018, convocouse un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de sistemas matemáticas (590006).

Por unha resolución do 16 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, aprobouse a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das citadas listas de interinidades e substitucións, e publicouse no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Logo de rematado o prazo para formular reclamacións contra a citada relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional, e revisadas as reclamacións que formularon as persoas interesadas, procede aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no citado procedemento, e facelas públicas no portal da Internet desta consellería, de acordo co disposto na base sétima da convocatoria.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de matemáticas (590006).

Segundo.- Ordenar a publicación no portal da Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria www.edu.xunta.es da relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e do baremo definitivo indicado no apartado anterior.

Terceiro.- De acordo co disposto no parágrafo segundo da base sétima da convocatoria acordada pola Resolución do 19 de abril de 2018, contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular un recurso potestativo de





reposición, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no citado portal, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, ante o xulgado do contencioso-administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

